

OBJETO DE ESTUDIO

Raúl Alaejos, 2024

1463

ESTREA EN NUMAX: 17.02.2025 | V.O.S.E. | TP | 61 min

A sombra do obxectivismo antropolóxico persegue a un torpe director que experimenta metodolóxica e formalmente ao redor do acto obsceno de rodar poboacións nativas na localidade máis septentrional. Alí, Robert Peary, explorador norteamericano, pensou hai máis de 100 anos que a única maneira de que un ser humano alcanzase o Polo Norte sería ter fillos con inuits para crear unha super-raza que axuntase a fortaleza esquimá e a clarividencia do occidental. Tras os pasos desta extravagante teoría camiña este ensaio filmico en busca desa super-raza.

«Unha obra imprescindible para aqueles interesados na evolución do documental e na representación de realidades culturais complexas»

Santiago Varela Antúnez, DOCMA



Entrevista con Raúl Alaejos: «Gústame que nas películas haxa sensación de asombro cando algo novo se revela»

Cal é o xerme da película? *Objeto de estudio* aparece case como unha película de autoaxuda. Durante moito tempo traballei como realizador audiovisual facendo campañas de concienciación para ONGs. Polas dinámicas de produción neste tipo de traballos, sempre te ves arrastrado a rodar dunha maneira onde te serves de todo o que tes a man para transmitir unha idea preconcebida moito antes da viaxe. Ás veces sentes que estás a instrumentalizar ao local para formalizar unha representación. Chegar, conseguir o material que necesitas e desaparecer: unha especie de extractivismo de imaxes. Interesábame volver ás rexións polares e abordar de fronte o feito de filmar ao outro, traballando sobre esa idea.

Como foi a procura da información para este documental? Sempre me gustou a literatura da exploración polar. Doutra banda, investiguei sobre técnicas de representación propias do traballo de campo que ás veces realizan en antropoloxía visual. Pero, sobre todo, quería que a investigación se levase a cabo durante a rodaxe. Gústame moito que nas películas haxa sensación de asombro cando algo novo se revela ao espectador, case ao mesmo tempo que ao propio realizador. Por esta razón, e como dicía anteriormente, para evitar representacións preconcebidas, tentei non ver outras películas que abordasen o tema desde perspectivas parecidas.

Sempre hai un fondo á hora de facer un traballo. Que querías contar con *Objeto de estudio* máis aló do que a priori conta a súa sinopse? O que conta a sinopse en realidade é unha escusa para abrir un fío narrativo que dea paso a esa pregunta máis formal: Como se filma ao outro? Quería facer ese camiño xunto ao espectador. Interésame abrir preguntas máis que respondelas. Dicía Víctor Segalen: “O exotismo non é a comprensión perfecta dun fóra de nós, senón a percepción aguda e inmediata dunha incompreensibilidade eterna. Non presumamos de poder assimilar os costumes, os pobos, as nacións, os outros; pola contra, alegrémonos de non conseguilo nunca, reservándonos así o duradeiro pracer de sentir o Diverso.”

Pódesnos contar como foi a fase do guión e se variou ao chegar á hora da gravación? O guión escribiuse na montaxe. Á rodaxe cheguei sen guión por todo o que comentei. Era unha premisa. Non levaba guión, pero si moita intención. Sabía o que quería buscar, pero tiña que atopalo durante a rodaxe. Non estou a falar de contido, senón de atopar unha forma de mirar.

Gustaríame saber se as persoas filmadas viron a película e que opinaron dela. Aínda non a viron. Estamos en contacto e queremos volver para vela xuntos. Non me gustaría enviar a película sen máis. Teño moita curiosidade. A película é poliédrica e pode ter moitas lecturas. Ademais non está feita para compracer aos seus protagonistas. Creo que isto é un erro. Pero estou seguro que a proxección será algo moi bonito.

Publicada en laestrategiadelcaracol.com



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Ensayo sobre o exotismo,
Víctor Segalen.
La línea del horizonte, 2017

*Ritos y rituales
contemporáneos,*
Víctor Segalen.
Alianza Editorial, 2014